



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Deputación
DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Número 111 Bis/2022

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN, ASINADO O 1 DE DECEMBRO DE 2021, ENTRE O IGAPE, A DEPUTACIÓN DA CORUÑA, O CONCELLO DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CLÚSTER TIC GALICIA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR E A CONSTITUCIÓN DA ESTRUTURA DE GOBERNANZA DA CIDADE DAS TIC

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2022

REUNIDOS

Don Francisco Conde López, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia na súa calidade de presidente do Instituto Galego de Promoción Económica, en adiante **Xunta de Galicia/IGAPE**.

Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en adiante **Deputación**.

Don Julio Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, en representación súa, en adiante **UDC**.

Dona Inés Rey García, alcaldesa do Excmo. Concello da Coruña, debidamente facultada para este acto, que actúa en representación do Excmo. Concello da Coruña, en adiante **Concello**.

E don Antonio Rodríguez del Corral, como presidente do Clúster TIC Galicia, en adiante **Clúster**.

MANIFESTAN

- Que o 1 de decembro de 2021 foi asinado o Convenio de colaboración entre o IGAPE, a Deputación da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC Galicia para a elaboración do plan director e a constitución da estrutura de gobernanza da Cidade das TIC.

- Que a cláusula undécima do referido convenio dispón:

"Establécese como prazo de vixencia do convenio desde a data da súa sinatura ata a constitución da sociedade xestora da Cidade das TIC, co limite de doce meses. Este convenio poderá ser prorrogado de mutuo acordo expreso de todas as partes sendo a data limite o 30 de decembro de 2022. Tamén poderá ser prorrogado conforme as correspondentes addendas nas que se detallen as novas actuacións e orzamentos correspondentes relacionados co obxecto do convenio".

- Que para a adecuada execución do convenio, todas as partes aprecian a conveniencia de prorrogar a súa vixencia ata o 30 de abril de 2023.



Xacobeo 21-22

En consecuencia,

ACORDAN

Prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o IGAPE, a Deputación da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC Galicia para a elaboración do plan director e a constitución da estrutura de gobernanza da Cidade das TIC ata o día 30 de abril de 2023.

Polo IGAPE


Francisco Conde López


Pola Deputación da Coruña


Valentín González Formoso

Pola Universidade da Coruña


Julio Ernesto Abalde Alonso

Polo Concello da Coruña


Inés Rey García

Polo Clúster TIC Galicia


Antonio Rodríguez del Corral

